

XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

CULTURA E EMIGRACIÓN

A emigración galega remóntase a preto de catro séculos de historia, período en que se enmarcan diferentes fases migratorias orixinadas pola necesidade de procura de mellores condicións de vida. Esta necesidade impulsou o Pobo galego a deixar a súa terra, na que as condicións sociopolíticas aliadas coa pobreza e a falta de recursos, non lles permitían trazar o seu proxecto vital.

Ao longo dos anos a emigración galega foi sempre moi diversificada, pero o espírito emprendedor, a responsabilidade polos seus e o afán de realización persoal, fan que o galego sexa, en todo lugar que estea, o exemplo do traballador que ambiciona facer a súa vida, pero que mantén viva a vontade de regresar á súa terra, da que nunca quixera saír.

A emigración escollía o destino que lle posibilitase realizar o seu soño, ao que chegaba con máis ou menos dificultade. Algúns, os máis afortunados quedaron por outras rexións de España e Europa, preto da súa terra, mentres outros se viron obrigados a emigrar a continentes distintos. A distancia era a inimiga da morriña, xa que a dificultade para visitar a súa terra era maior para quen máis afastado estivese. Convén lembrar que o fenómeno migratorio galego foi un feito moi intenso, na época moderna rexistrouse unha migración moi importante desde a Galicia meridional cara a diversas rexións e cidades da Península Ibérica (Madrid, O Porto, Lisboa ...) e América (México, Salvador de Baía, Minas Gerais, Río da Prata, Cuba...). A gran emigración galega coincide co proceso masivo de transferencia de máis de cincuenta millóns de persoas desde o continente europeo cara a outros continentes, basicamente ás rexións americanas de clima tépedo análogo ao europeo, o que deu lugar á aparición dunhas "novas Europas". O caso galego formou parte deste masivo desprazamento da poboación europea cara ao continente americano, ao que




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

chegaron ao redor de dous millóns de persoas, o que converte Galicia nunha das grandes rexións migratorias europeas, con taxas migratorias superiores ao catro por mil desde 1880 ata 1930. Os fluxos migratorios cara a América cesan case de súpeto a mediados da década de 1960, e comezou entón unha nova emigración, con destino a diversas cidades do interior da península e outras de maior fortaleza industrial (País Vasco e Cataluña) ou cara a diversos países europeos, altos demandantes de man de obra nos "trinta gloriosos" ou nos "milagres económicos" da segunda posguerra (Francia, Alemaña, Suíza, Reino Unido ou os países do Benelux). Nos anos máis recentes, apareceu tamén unha nova emigración, máis profesional e de alta capacitación, que así mesmo forma parte do conxunto da historia migratoria galega.

Grazas ás melloras e avances dos últimos anos e á capacitación dos colectivos, as condicións da emigración melloraron en relación cos transportes e coas comunicacións, o que contribuíu á aproximación da emigración á súa terra. Igualmente, o cambio das condicións económicas e sociopolíticas permitiu un apoio máis intenso xestionado a nivel autonómico. No que a Galicia incumbe, elabórase unha Lei da galegidade, baseada no propio Estatuto de Autonomía, coa que se pretende axudar e achegar a emigración á súa terra galega. Os fins establecidos por esta Lei, neste novo contexto da comunidade galega exterior, están directa ou indirectamente relacionados coa actividade da Secretaría Xeral da Emigración.

Os galegos na diáspora, desde sempre, se constituíron en agrupacións de inmigrantes de orixe galega nos seus lugares de destino, sexa en América ou sexa en Europa. Foi clara a tendencia ao fomento dun asociacionismo de tipo étnico baseado no recordo da súa terra, que constitúe o epicentro das súas actividades. A gastronomía, a música e nalgúns casos a danza foron o principio dunha difusión das nosas tradicións e costumes. Este conxunto de



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

manifestacións son, en definitiva, unha clara mostra da nosa cultura.

De feito, a cultura é, desde sempre, a base da actividade das comunidades galegas formadas no exterior desde hai séculos e, de forma máis directa, da construción da identidade cultural da Galicia contemporánea no exterior. A cultura dun pobo recolle diversos aspectos relacionados co idioma, cos seus personaxes, coa súa paisaxe, coa súa gastronomía, coas súas tradicións e costumes. Así pois, é de vital importancia achegar ao galego da diáspora, mediante a súa comunidade, á Galicia territorial e coñecer e preservar o patrimonio cultural creado localmente nestes séculos de emigración.

Estes principios fan que nos últimos tempos permanecese con vigor, baixo a fórmula de asociacións, centros, sociedades, federacións, etc., a capacidade asociativa de colectividade emigrantes galegas en lugares coma Bos Aires, A Habana, Salvador de Baía, Caracas ou Montevideo, pero tamén en Xenebra, Londres, Marsella, Lisboa ou Núremberg é evidente. As colectividade galegas no exterior posúen algunhas peculiaridades que convén sinalar. Ademais da relación coa súa cultura de orixe, moitas destas asociacións locais foron creadas, nun primeiro momento, dunha maneira informal, por comunidades de inmigrantes que se uniron para a defensa dos seus propios intereses, primeiro mutualistas ou benéficos e, finalmente, de carácter cultural, educativo ou de inserción no lugar de destino. Moitas destas asociacións pretenderon non só refacer simbolicamente a súa propia comunidade de orixe senón devolver unha parte do que eran e crían que debía ser no futuro a semellanza dos seus conxéneres que quedaban en Galicia.

A dimensión asociativa e cultural que lograron os emigrados galegos en moitos países do mundo nos tempos da emigración masiva cara a América viuse reforzada, de forma moi directa, pola chegada de importantes continxentes de exiliados forzados a abandonar a terra por efectos do




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

estalido da Guerra Civil en 1936. Figuras relevantes da cultura e da política galegas, basta con mencionar só a Castelao, Dieste ou Seoane en Bos Aires, Tobío en Montevideo, Silvio Santiago en Caracas, Delgado Gurriarán en México ou Guerra da Cal e González López nos Estados Unidos, desenvolveron unha intensa actividade no campo da edición de libros, exposicións de arte, promoción da música e do teatro e mesmo no terreo empresarial (Porcelanas de Magdalena, por exemplo), que acabaron non só por reforzar o traballo xa feito polas colectividades dos emigrados, senón que verdadeiramente construíron un programa cultural para Galicia, do que foi magnífico exemplo o Laboratorio de Formas e o grupo Sargadelos. Esta peculiaridade e natureza do asociacionismo na emigración explica un feito evidente: o enorme patrimonio histórico e cultural que estas colectividades galegas, ás que se uniu a achega dos grupos de exiliados, que foron capaces de construír e manter durante moitas décadas, grazas ao esforzo solidario e mancomunado dos seus asociados, o patrimonio que foi creación colectiva e case anónima (isto é, non obra de filántropos), que tiña como fin último contribuír á mellora e á transformación do panorama cultural da súa terra de orixe.

Por esa razón, Galicia posúe hoxe no exterior un patrimonio inmobiliario e cultural (documental, artístico, sonoro, bibliográfico, etc.) que constitúe un dos valores máis singulares e mesmo simbólicos da riqueza patrimonial galega.

É importante que no seo destas reunións plenarias das colectividades galegas no exterior, sexa obxecto de debate o papel que debe desempeñar a cultura na súa acción presente e futura, sen esquecer a relevancia que conseguiu en tempos pasados. Igualmente, aproveitando as novas tecnoloxías e as accións tanto da Galicia territorial como da Galicia exterior, proceder á súa divulgación en calquera das súas manifestacións. Doutra banda, a riqueza patrimonial da



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


Galicia exterior constitúe a historia da emigración galega, así que preservar e catalogar este patrimonio debe ser unha misión coa colaboración dos colectivos emigrados, “Museo do Pobo Galego” e “Consello de Cultura Galega”.

Polo exposto, estruturamos esta parte xeral e inicial do relatorio baixo dous aspectos, co fin de deixar, dunha forma clara, tanto o contexto (de cada comunidade) e as bases de traballo, como as necesidades, medios de apoio e as accións a desenvolver para poder obter mellores resultados:

Contexto xeral, base de traballo e apoios

En primeiro lugar lembramos os principais obxectivos da Lei da Galegidade, que están directa ou indirectamente relacionados coa actividade da Secretaria Xeral da Emigración, que en relación coa cultura, son os seguintes:

1. Promover e fomentar os procesos de unión ou fusión entre as comunidades galegas fóra de Galicia, cun dobre obxectivo: por unha banda, fortalecer, mediante a unión patrimonial e das súas asociadas e asociados, as propias comunidades galegas e, por outra banda, protexer o patrimonio galego, especialmente o cultural, existente fóra de Galicia.
2. Promover e fomentar a función das comunidades como axentes de cooperación galega, o que se traduce nunha continua colaboración con entidades (oficiais ou privadas) da Galicia territorial á hora de organizar actos ou manifestacións culturais que permitan dar a coñecer a nosa terra.
3. Promover e fomentar a protección do patrimonio das mencionadas comunidades, especialmente o de carácter cultural.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


4. Promover e fomentar a consideración desas comunidades como axentes da divulgación e da difusión das posibilidades turísticas de Galicia no exterior.
5. Promover e fomentar a utilización de plataformas dixitais de intercambio co fin de facilitar a comunicación entre a Galicia territorial e a Galicia exterior.

Necesidades, medios de apoio, accións a desenvolver

En definitiva, o Goberno galego ten que seguir dando resposta ás necesidades dos galegos no exterior, principalmente a aqueles de primeiras xeracións, sen esquecer os seus descendentes máis inmediatos. A eles van dirixidas a maioría das medidas que conforman a Estratexia Emigración 2020. O obxectivo fundamental é garantir cobertura socio asistencial ao máis de medio millón de galegos repartidos polo mundo, tanto a título individual como a través das preto de 200 entidades de diversa índole e dimensión que existen no exterior.

No ámbito cultural, as liñas de traballo do Goberno galego buscan crear unha canle de dous sentidos entre a Galicia territorial e a exterior. Así, ao labor de difusión dos valores, autores e obras que forman parte do legado cultural da comunidade autónoma galega, engadirase a da protección do patrimonio cultural da Galicia exterior. A creación do Centro de Referencia da Emigración e a execución do Plan Director para a Protección do Patrimonio das Comunidades Galegas no Exterior, son unicamente dous exemplos dos proxectos deseñados coa colaboración entre varios departamentos da Xunta. Difundir e fomentar a lingua será outro eixe esencial na estratexia de divulgación da cultura e da identidade galegas no exterior grazas ás ferramentas que poñen á nosa disposición as máis recentes tecnoloxías.

A modernización e actualización das entidades galegas no exterior pasa por



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

abrir os seus órganos de dirección a actores que están a xogar un papel relevante nos constantes cambios que está experimentando a todos os niveis a sociedade actual: a muller e a mocidade. No caso da mocidade é onde radica a substitución xeracional e o salto a unha sociedade globalizada a través das TIC, entre outras ferramentas. Hai que destacar o papel das tecnoloxías da información que se revelan como a solución a moitas das dificultades que atravesan os galegos do exterior derivadas da súa dispersión xeográfica, xa que ao mesmo tempo permiten ás entidades avanzar cara a unha xestión máis eficiente.

Por último, a unidade, tanto no eido interno coma externo, dos centros galegos no exterior, é igualmente fundamental para garantir a súa supervivencia e, por tanto, a dos principais vehículos de galeguidade fóra das nosas fronteiras. As comunidades galegas no exterior continúan sendo o principal transmisor dos valores e das tradicións de Galicia no resto do mundo e son unha peza clave e insubstituíble para manter e fortalecer os vínculos de todos os galegos do exterior coa súa terra. Son estes lazos os que manteñen viva esa grande oportunidade de proxección exterior que ten Galicia, tan valiosa cara á súa promoción fóra das nosas fronteiras.

CULTURA E LINGUA GALEGA

A difusión da cultura e da lingua galega constitúen os dous alicerces fundamentais para manter o vínculo entre os emigrantes e os seus descendentes con Galicia. Estes lazos son os que poden traducirse no futuro como un elemento decisivo á hora de elixir un destino para establecerse definitivamente tanto no ámbito persoal coma profesional. O idioma convértese, así mesmo, nunha ferramenta imprescindible para lograr a integración laboral e social nunha comunidade en igualdade de condicións ca os demais galegos.




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Nesta difusión, xogan un importante papel as entidades galegas do exterior, pois ademais de mostrar a nosa cultura, a nosa lingua aos nativos dos seus lugares de residencia, fanlles ver aos seus asociados e familiares descendentes o que é Galicia. En moitas comunidades, por exemplo de América, hai galegos descendentes de emigrantes chegados de Galicia que non coñecen as súas orixes. Esta aproximación é un labor que os colectivos deben priorizar, ademais de motivalos tamén a coñecer a súa cultura de orixe na Galicia territorial. Por exemplo, o programa “Escolas Abertas” trae os máis novos a coñecer Galicia e a participar de actividades nas que coñecen o territorio e a cultura. Este obxectivo conséguese ao implicar os elementos da comunidade, principalmente os máis novos, na organización de proxectos culturais, sociais, formativos ou outros de diversa índole, xa que lles permite o contacto directo coa súa orixe, sexa cos seus predecesores ou coa Galicia territorial.

Tamén debemos destacar o traballo realizado polas comunidades galegas na divulgación da identidade de Galicia, tarefa fundamental que temos que asegurarnos que sigan a desenvolver, e para eles, debemos preocuparnos polo seu futuro. Así é indispensable apoiar a mocidade que vive estas entidades. É necesario motivalos para que participen en proxectos que teñan relación con Galicia, nunha primeira fase, débeselles formar para colaborar coa xestión das entidades galegas e contribuír con novas habilidades directivas. A organización de intercambios xuvenís de grupos de diferentes comunidades galegas, a formación específica sobre novas tecnoloxías da comunicación, a creación de grupos de teatro, música e danza, actividades culturais para mozas da colectividade, foros de debate e intercambio cultural entre mozos da emigración galega, son actividades en que aos máis novos xeralmente lles gusta participar e son de gran interese para a divulgación da nosa cultura e da convivencia. Unha mellor forma de achegamento consistiría en que, nos foros e debates,




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

participasen intelectuais, científicos e expertos en diversos ámbitos de Galicia directamente nos seus locais sociais ou na mesma Galicia. Para esta finalidade hai liñas de axuda no eido informativo e económico.

O Goberno galego ten capacidade para subvencionar a través dalgunha consellería, proxectos de actividades de carácter extraordinario para as entidades que as organizan ou nas que participan activamente, cuxa finalidade sexa a promoción cultural, social ou económica de Galicia no ámbito que estean asentadas e para as que se xustifique a súa especial relevancia e diferenciación, tales como mostras, feiras, actos ou efemérides especiais da entidade (25, 50, 75 anos e centenarios). Exemplos destas actividades constitúeno as exposicións universais realizadas en Bos Aires, Hamburgo e Barcelona ou a participación en mostras como a realizada en Lisboa, onde se destacou a lingua galega, que forma parte do Proxecto sobre a Lusofonía e que contou coa colaboración da Secretaría de Política Lingüística. Destacar tamén a colaboración interdepartamental da Xunta en mostras como os “Talleres de sabores”, destinados á divulgación de produtos galegos en varias cidades da diáspora e dirixidos aos empresarios da alimentación e do turismo.

Outro aspecto fundamental, integrado na colaboración dos colectivos en divulgar Galicia, unha misión preferente é incentivar e apoiar as accións de promoción do Camiño de Santiago no exterior, mediante as actividades dirixidas ás comunidades galegas incluídas nos programas da Xunta de Galicia. Achégase o Xacobeo 21 e as comunidades no exterior deben crear puntos de información e divulgación sobre todo o que rodea esta celebración, tanto no aspecto relixioso coma cultural e turístico. O coñecemento dos distintos camiños e dos albergues constitúe unha canle importante para divulgar a nosa terra, xa que o número de peregrinos e turistas movidos por este fin é cada vez maior, culminando no propio ano Xacobeo.




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Unha das formas de cultura é coñecer a Galicia contemporánea baixo todos os seus aspectos, social, económico, empresarial e turístico. Por iso, as entidades, en colaboración co Goberno galego e coas asociacións de empresarios galegos no exterior, poderán organizar accións informativas ou divulgativas sobre diferentes estamentos da vida empresarial, social, cultural ou económica de Galicia. Como complemento a estas accións, a edición e difusión de libros ou publicacións de interese xeral e programas de radio ou televisión dedicados á realidade galega, a organización ou participación en xornadas, exposicións e feiras sectoriais constitúen unha excelente achega para que a autonomía de Galicia sexa unha referencia para os galegos do exterior cara ao retorno ou para os non galegos que pretendan relacionarse ou mesmo residir en Galicia, fomentando así o seu desenvolvemento.

Por ser a lingua galega o soporte da nosa cultura, cábenos a todos e especialmente aos galegos na diáspora, preservar e fomentar a súa utilización e coñecemento, tanto nas entidades do exterior coma nas actividades culturais que organicen, para lograr a igualdade de condicións cos galegos residentes na Galicia territorial. Para atesourar o seu coñecemento, é fundamental incentivar a utilización do galego nas comunidades galegas do exterior, tanto a nivel administrativo coma na forma de comunicación entre os galegos do exterior.

Para que isto sexa posible é necesario proceder á organización de cursos de galego e motivar as persoas participantes para que o practiquen no día a día dos centros. Con este fin existen subvencións ou axudas para financiar os custos, tanto a través das comunidades galegas coma doutros centros ou institucións que sexan útiles para quen reside fóra das nosas fronteiras. Esta formación complementábase coa difusión da literatura galega en galego, principalmente fóra de Galicia. É importante inculcar o galego entre os lectores




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

de todo o mundo e dar a coñecer os autores galegos, así como as novidades editoriais que axuden a aproximar Galicia aos países con máis presenza de galegos, polo que é fundamental seguir potenciando o catálogo de obras da Secretaría Xeral da Emigración, incluído na súa web (www.galiciaaberta.com), que integra regularmente obras, xerando acordos coas bibliotecas electrónicas galegas e promovendo a realización de estudos en materia de emigración e cidadanía galega no exterior, que se poñerán á disposición do público a través da “Biblioteca da Galeguidade”. Hai que considerar tamén a difusión da páxina web Portico of Galician Literature, a través da que se pode acceder a unha selección de fragmentos de obras de autores galegos actuais traducidos ao inglés.

Apoiar e difundir as clases de galego nos propios centros da comunidade galega no exterior é unha medida que facilita o contacto directo do alumnado coa realidade do idioma. Por unha banda, pódese conseguir esta actividade coa formación de profesores e docentes que traballen en centros sociais, culturais ou educativos do estranxeiro. Por outra, potenciar e consolidar o ensino e a investigación da lingua e cultura galegas nas universidades de fóra de Galicia nas que xa existe o galego como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico. Integrados nesta segunda opción hai que salientar os “Centros de Estudos Galegos” (CEG), departamentos existentes en 35 universidades do exterior nos que o galego é obxecto de estudo (21 universidades europeas, 7 americanas e 9 españolas).

É importante divulgar os programas de formación en diversos países, dentro do ensino non universitario, por medio da colaboración con centros como o “Instituto Español Vicente Cañada Blanch” de Londres, onde a lingua galega é materia optativa en ESO e Bacharelato, a formación en literatura, cultura e lingua galega no “Instituto Arxentino-Gallego Santiago Apóstolo” de Bos Aires,




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

ou a “Hermandad Galega de Venezuela” en Caracas. Igualmente compre dar a coñecer o acordo co Instituto Cervantes para ampliar as súas accións de proxección internacional da lingua galega en colaboración coa Xunta de Galicia. Neste marco de colaboración, a Xunta abriu portas á oferta de cursos de lingua e cultura galega na rede de centros desa institución, e á colaboración cos lectorados universitarios de Berlín, Lisboa, Roma, Varsovia, Río de Janeiro e São Paulo.

Como terceira vía, débese divulgar a posibilidade de asistir a clases preparatorias para a obtención dos certificados Celga 1 e Celga 4 de forma telemática, alternativa que se presenta como máis factible para lugares onde as anteriores opcións non sexan as máis idóneas. Esta alternativa contribúe a considerar a posibilidade de implantar e fomentar o e-learning ou aprendizaxe en liña, como un recurso didáctico orientado a ampliar as posibilidades formativas e a favorecer unha aprendizaxe máis aberta e flexible, sobre todo naqueles casos nos que se presentan necesidades especiais ou dificultades para as modalidades de aprendizaxe tradicionais ou presenciais, como sería o caso das comunidades galegas do exterior.

Finalmente pódese optar pola asistencia a cursos de verán de lingua e cultura galega para persoas de fóra de Galicia, que promove a Secretaría Xeral de Política Lingüística desde hai máis de tres décadas, coa organización do “Instituto da Lingua Galega” e a colaboración da “Real Academia Galega”. A súa divulgación canalízase a través da Secretaría Xeral da Emigración e prográmanse na Galicia territorial co obxecto de darlle ao alumnado universitario a oportunidade de familiarizarse, coa lingua galega e coa realidade sociocultural de Galicia. Ademais de clases teóricas e prácticas de lingua galega, prográmanse leccións sobre a literatura, a historia, a xeografía e a arte de Galicia, así como excursións e visitas a lugares de interese cultural e



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

paisaxístico. Os cursos teñen tres niveis: elemental de iniciación á lingua galega, medio e superior de Filoloxía Galega. Existen bolsas para sufragar a matrícula ou a estadía dos estudantes.

As entidades galegas no exterior xogan un importante papel á hora de dar a coñecer a cultura galega polas actividades que organizan e, ademais, promoven o intercambio con outras culturas. En calidade de axentes culturais, utilizando as novas tecnoloxías, deben difundir a web trilingüe (galego, castelán e inglés) Galician Tunes, que lles ofrece aos artistas, grupos, asociacións e empresas do sector unha ferramenta para potenciar a difusión internacional do seu traballo.

A lingua, a literatura, as tradicións, a arte, a paisaxe, en definitiva, a nosa cultura, só se mostra en actos nos que participen as nosas xentes e os seus amigos e coñecidos, máis aínda cando o galego se atopa lonxe de Galicia. Así, a realización de talleres da fala, xornadas de lectura, conferencias, debates, mostras de folclore ou, como non, mostras de gastronomía, nas sedes das comunidades galegas do exterior dirixidos aos socios galegos e aos seus descendentes e amigos, é a forma de contribuír para que aquelas persoas interesadas na riqueza cultural de Galicia se sintan chamadas a participar e a coñecer a nosa realidade, integrando modalidades de baile tradicional, gaita, percusión, canto e pandeireta, encaixe de palillos, talleres artesanís e de confección de traxes tradicionais, cociña galega e seminarios de cultura galega. A Xunta de Galicia, mediante a Secretaría Xeral da Emigración, dispón de axudas dirixidas as cumprir con este obxectivo e ás que os colectivos poden acceder para levar a nosa cultura máis lonxe.

A nivel das asociacións do exterior é imprescindible dar a coñecer formas de implicar a quen está fóra de Galicia con proxectos que lle permitan estreitar a súa relación e, ao mesmo tempo, intensificar o seu coñecemento sobre a




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Galicia territorial:

- Para os posibles interesados débense difundir as bolsas de formación que o “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades” convoca para titulados estranxeiros en proxectos de investigación que se estean a levar a cabo no seu seo.
- Implicar a todos os galegos (Galicia exterior e territorial) nas actividades de fomento e promoción da utilización do galego a través dun concurso para elaborar unha exposición de carteis divulgativos sobre a obra, a época e a situación sociolingüística da etapa histórica vivida polo autor homenaxeado no “Día das Letras Galegas”.
- Crear premios literarios con nome de escritores galegos para textos (novelas, relatos, poemas) escritos na emigración.
- Aproximar a historia, a actualidade e as tendencias culturais de Galicia á diáspora para reforzar os vínculos das segundas e terceiras xeracións, labor urxente a desenvolver nas diferentes comunidades.
- O contacto físico e o coñecemento da realidade consolídase co “Programa Escolas Abertas”, polo que se realizan na Galicia territorial cursos de especialización dirixidos aos profesores ou profesionais que dirixen escolas ou talleres da cultura galega nas entidades galegas do exterior para socios ou cidadáns galegos residentes nas súas áreas de influencia relacionados coa gaita tradicional galega, o baile tradicional galego, a percusión tradicional galega, o canto popular, a pandeireta e a confección do traxe tradicional galego. O programa de axudas inclúe, ademais, unha liña nova especificamente dirixida á formación de mozos e mozas en habilidades de dirección para incrementar a súa implicación nos órganos decisorios das entidades.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

- De cara a promover unha maior participación, convén difundir o Encontro de Artistas Novos na Cidade da Cultura, que inclúe desde hai anos figuras emerxentes de diversas disciplinas de países como Uruguai e Arxentina. O evento concíbese como un espazo para a convivencia, o debate e o intercambio de proxectos entre artistas emerxentes.
- A historia de Galicia non se pode escribir sen unha referencia á emigración, así que aproximar a poboación máis nova da Galicia territorial ao fenómeno da emigración, explicando as súas causas e os diferentes fluxos é enriquecer o seu coñecemento das andainas dun pobo que ao longo dos anos loitou polo seu benestar e moitas veces deixando atrás a súa terra e a súa familia.
- Implantar na programación do ensino primario e secundario de Galicia o estudo da historia da emigración de Galicia e o seu presente.

Ao longo deste relatorio, xa se referenciou unha pequena historia da emigración, o contexto en que residen as comunidades galegas do exterior, a forma de achegamento cultural a Galicia territorial e formas de apoio, entre outros temas, que deben ser de coñecemento dos colectivos para que poidan manter e difundir a súa identidade alí onde se asentán.

Réstanos sacar á luz un asunto non menos importante da historia da emigración, a preservación do patrimonio da Galicia exterior. Labor importante que debe ser tido en conta nas entidades que se crearon ao longo dos anos de emigración.

Podemos situar este tema en dous apartados: o patrimonio exterior da responsabilidade dos colectivos e o patrimonio xeral da emigración, que está a ser obxecto de preocupación do Goberno galego, polo que está a xestionar



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

diversas vías para a catalogación, rexistro ou mesmo protección física do patrimonio cultural e artístico da emigración.

1.- Unha tarefa que convén levar a cabo nas distintas comunidades consiste en catalogar e inventariar o seu patrimonio cultural, xa que é este o que vai marcar a historia desde a chegada dos galegos aos seus lugares de residencia no exterior. Nas subvencións que concede a Secretaría Xeral da Emigración establecéronse axudas dirixidas a accións de catalogación, restauración e inventariado de fondos artísticos, bibliográficos ou documentais das entidades. A riqueza patrimonial da Galicia exterior é a fiel reprodución da historia vivida polo pobo galego da diáspora. Manter a súa identidade galega levouno a crear nas asociacións condicións semellantes ás da súa terra, polo que é interesante preservar feitos que demostren a súa forma de vida, costumes e como mantén os lazos coa súa terra a través da vida cotiá. As entidades posúen unha historia que, no que respecta á súa organización, se reflicte en documentación institucional, como rexistro de socios e actas de reunións de órganos sociais. De gran valor son os documentos da entidade, como programas de festas, revistas, entre outros, e os fondos artísticos que reflicten a súa integración, e que resultan, ás veces, un mixto de Galicia e da sociedade en que se asenta.

A música e as tradicións folclóricas galegas no seu conxunto representan unha das marcas de identidade de Galicia e unha das súas máis valiosas ferramentas para cruzar fronteiras transportando valores, mesmo a lingua galega, dunha forma lúdica e de calidade. Esta importancia leva a unha especial atención en valorar esta forma de cultura que desde a compoñente sonora, as letras cantadas, os instrumentos e os traxes constitúen un patrimonio de especial valor.

Entre todos os que formamos parte das comunidades galegas no exterior, debemos fomentar a recuperación da memoria viva da emigración mediante



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


accións en liña e a posta en valor da emigración galega, para crear unha base documental de testemuños orais e audiovisuais a través de entrevistas e relatos dos representantes e colaboradores das colectividades e do resto de galegos que emigraron para promover o diálogo intercultural entre a Galicia territorial e a Galicia exterior.

2.- Este patrimonio artístico, arquitectónico, cultural e documental da galegitude localizado en diferentes puntos e fóra de Galicia debe ser defendido e protexido e, ademais, conservado para garantir a súa permanencia na colectividade e xerar unha posta en valor da identidade do conxunto da nosa cultura .

É importante actuar coa finalidade de preservar o patrimonio cultural que atesouran os preto de 200 centros galegos repartidos polo mundo a través da catalogación e a dixitalización do patrimonio cultural máis relevante que se atope e as comunidades galegas rexistradas no Rexistro da Galegitude da Secretaría Xeral da Emigración, e que conteñan obras de gran valor artístico e, principalmente, histórico e social. Por iso está en preparación o Plan Director para a Protección do Patrimonio das Comunidades Galegas no Exterior, instrumento esencial para garantir a protección, conservación e posta en valor do patrimonio artístico, cultural e documental da emigración e da cidadanía galega residente no exterior.

Relevancia dos fondos documentais. A Memoria Dixital cobra forma en Galicia

A memoria do pasado é custodiada en Galicia por dúcias de institucións e entidades que gardan milleiros de documentos en papel que corren risco de perderse pola acción do paso do tempo. Tamén poden sufrir danos cando son manipulados polos investigadores que buscan neles información para os seus



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


proxectos. A dixitalización destes documentos impresos é unha tarefa inxente que moitas institucións aínda non iniciaron e que requiren unha importante achega económica para ser levada a cabo. Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) destina este ano 712.000 euros para a dixitalización de documentos de diversas entidades.

É unha das liñas de actuación da iniciativa Memoria Dixital de Galicia, impulsada pola Amtega e a Consellería de Cultura e Turismo. A documentación que debe ser dixitalizada é moi heteroxénea xa que os fondos documentais das entidades e institucións inclúen fotografías, manuscritos, publicacións seriadas, gravados, carteis, debuxos, folletos e ata partituras musicais.

Os investigadores serán o colectivo máis beneficiado pola dixitalización duns documentos que moitas veces son difíciles de atopar. Pero tamén o público en xeral pode verse beneficiado da difusión do patrimonio documental existente nos centros galegos do mundo enteiro. Todos os recursos que se dixitalicen pasarán a formar parte do portal Galiciana, que é a porta de entrada a todos os fondos dixitais das bibliotecas, arquivos e museos de Galicia. (<https://biblioteca.galiciana.gal/gl/inicio/inicio.do>; que será tamén a canle de difusión do noso patrimonio cara as redes transnacionais como pode ser Europea):

É un proxecto que aposta polo establecemento de sinerxías e modelos de colaboración entre as entidades públicas, privadas e axentes con responsabilidade no patrimonio cultural para acadar o maior nivel de catalogación, preservación e difusión destes documentos, independentemente da súa ubicación e propiedade.

Entre as institucións que axudan a desenvolver o proxecto están o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Instituto de Estudos Galegos



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Padre Sarmiento ou as Universidades públicas galegas.

O emprego de técnicas de **dixitalización en 2D e 3D** será esencial para dispoñer de copias dixitais de seguridade e para a elaboración de catálogos dixitais. Outras das innovacións tecnolóxicas previstas é a aplicación de solucións en mobilidade e a realidade aumentada, así como o emprego do Big Data e Linked Open Data, que permitirá o tratamento masivo de datos que xerará a Memoria Dixital.


Sobre a misión de salvagardar, preservar, catalogar e divulgar o labor da colectividade e dos centros galegos como referentes de transmisión de identidade e defensores dos valores culturais, falaremos ao final deste relatorio, no apartado referido ao Museo das Migracións Galegas.

XACOBEO 2021.

Un magma incandescente de cultura

Posiblemente non exista concepto máis evanescente e incorpóreo que o que se encerra no termo “cultura”. De feito, os múltiples intentos que houbo de acoutalo ou explicalo non deron superado a provisionalidade das cousas que son esencialmente humanas. As sociedades son cambiantes, atópanse en continua mudanza e crean e maniféstanse en cada momento histórico de forma diferente, ao tempo que relen e reinterpretan en cada momento histórico as creacións e manifestacións das sociedades precedentes. Que é e non é cultura? Onde están as súas fronteiras? Quen a crea? A que fins está destinada? Cada época da historia respondeu estas preguntas de distinto xeito.

O que segue a ser un lugar común plenamente válido desde o onte máis remoto ata o hoxe máis inmediato é asociar cultura con cultivo, palabras ambas con orixe común no latín materno. As primeiras grandes civilizacións humanas xurdiron a carón dun río que permitiu o cultivo vizoso tanto de alimentos coma




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

de xardíns destinados ao puro gozo estético. O Tigris e o Éufrates posibilitaron a cultura mesopotámica e o Nilo a cultura exipcia. Roma naceu a carón do Tíber. Os ríos constituíron paralelamente unha vía de entrada e de saída de sementes e froitos, pero tamén de xentes de lugares afastados coas que se comerciaba e discutía sobre prezos, técnicas, ideas e cosmovisións.

O que parece claro é que, sen negarlles unha lexítima entidade cultural ás numerosas comunidades fisicamente illadas, ao longo da historia foron os pobos e civilizacións con maior contacto con outros grupos humanos os que desenvolveron manifestacións culturais máis ricas, vizosas e perdurables. As investigacións máis recentes confirman que os habitantes da Gallaecia prehistórica foron pródigos en relacións marítimas a través do Atlántico, un mar océano que dous milenios máis tarde posibilitaría a colonización galega de América. Un camiño que foi de ida -velaí permanecen as pegadas galaicas alén do Atlántico- pero igualmente de volta, pois de Cuba, da Arxentina ou de Uruguai chegaron a Galicia, desde mediados do século XIX, ideas anovadoras e proxectos de progreso como as chamadas escolas de indianos, edificios que aínda hoxe son símbolo dun ideal ilustrado que pretenderon implantar os emigrantes galegos no seu país de orixe para mellorar a instrución e as condicións de vida das novas xeracións.

Pero se hai que resaltar un momento certamente sobresaínte na historia de Galicia cómpre mirar cara á Idade Media, cando o noso país alcanza unha centralidade política e cultural sen precedentes. Tal acontecemento producírase grazas ao Camiño de Santiago, ese río no que converxeron afluentes culturais de toda Europa e que trouxo a Galicia, para se hibridar cos elementos autóctonos, a ciencia, a música, a literatura ou a arquitectura que emerxían en Europa enteira e que os peregrinos transportaban no seu macuto e ían diseminando a medida que avanzaban cara a Compostela.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO CULTURA

Ata aquí chegaría tamén a innovación do amor cortés e con el un paradigma literario que enraizaría con forza e que derivaría no que hoxe coñecemos como a lírica galego-portuguesa, un xénero que situaría Galicia na máis estrita modernidade literaria europea. Tal foi a súa importancia que tempo despois, xa no século XV, o marqués de Santillana se refiría a ela con estas palabras:

Y después hallaron esta arte que 'mayor' se llama y el arte común, creo, en los reinos de Galicia y de Portugal, donde no es de dudar que el ejercicio de estas ciencias más que en ningunas otras regiones y provincias de la España se acostumbró en tanto grado que no ha mucho tiempo cualesquier decidores y trovadores de estas partes, ahora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa; y aun de estos es cierto recibimos los nombres del arte, así como 'maestría mayor' y 'menor', 'encadenados', 'leixapren' y 'manzobre'.

Onte coma hoxe, o Camiño de Santiago segue a constituír un río caudaloso e vivo de cultura sen parangón en Europa. No noso continente existen multitude de destinos turísticos, pero poucos ou ningún coma o que propicie o encontro e o diálogo entre as persoas que o transitan. A quen fai o Camiño, sexa cal sexa a súa motivación íntima, móveo un lume interior distinto ao do turista de vacacións. Son persoas que saen da súa casa, coa vista posta en Galicia, empurrados pola curiosidade, á procura dunha aprendizaxe. Saben que as súas expectativas serán cumpridas porque o Camiño de Santiago é encontro, o diálogo pausado co presente e coa historia, a reflexión sobre as cousas transcendentales e necesarias...

Pode servir de exemplo un dato referido ás linguas. No continente europeo fálense algo máis de 250 linguas e a media de falantes por cada unha delas é



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

de 2,5 millóns, a nosa lingua galega é unha directamente relacionada co feito cultural que é obxecto deste relatorio. Todas elas sen excepción representan unha forma singular de interpretar e expresar o mundo e mais as inquiredanzas humanas. Mundos e inquiredanzas que adquiren forma en algo que adoitamos denominar cultura. Aínda que a comunicación se estableza por necesidades de comprensión en calquera das linguas maioritarias, nos diálogos entre as persoas emerxen sempre esas culturas construídas por tales linguas e, sen que sexamos conscientes do que está a acontecer, están dando lugar a outra ou outras formas culturais. Este feito remítenos á esencia mesma do que sempre foi a cultura, unha forza creadora e dinámica que cambia e sempre está a xerar algo novo. Fronte á concepción da cultura como canon inamovible, o fenómeno xacobeo revélase como crisol inextinguible do que manan con forza volcánica novas formas culturais.


Os datos son contundentes á hora de lembrarnos a continua evolución positiva de chegada de peregrinos a Galicia. No ano 2018, acudiron á Oficina do Peregrino 327.378 peregrinos (no ano 2019, superáronse os 400.000 no mes de xuño). Temos unha rede de camiños segura que está ben dotada de infraestruturas que cada vez atrae a novos sectores de poboación procedentes de latitudes cada vez máis distantes.

<https://oficinadelperegrino.com/>

Táboas de procedencia:

<http://oficinadelperegrino.com/wp-content/uploads/2016/02/peregrinacións2018.pdf>

A partir de aquí é preciso entender como o Camiño de Santiago foi e segue sendo fundamental para a construción dun mundo que día a día nos esixe



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

impulsar todos os motivos que lle dean coherencia e que impregnen, desde as súas esencias, os instrumentos necesarios para vertebrar unha comunidade cultural e humana tan rica como diversa.

O Camiño, punto de encontro de pobos e culturas. Un lugar de encontro. Un punto de conexión entre os **máis de 180 países dos que cada ano chegan cada vez máis peregrinos**. Debemos ter en conta que son 192 os países recoñecidos pola ONU e que de practicamente todos recibimos peregrinos.

Un 65 % son estranxeiros. Un cambio importante con relación ao último Xacobeo de 2010, das diferentes historias, retos e dificultades que chegan a través dos dez itinerarios que compoñen a Ruta Xacobeá.


Desde que naceu o fenómeno da peregrinación a Compostela, o Camiño confirmouse como un territorio de entendemento entre os pobos, un espazo de diálogo e de cooperación que tamén é un camiño espiritual, de fe e con grandes connotacións económicas e sociais.

Debemos ter en conta tamén que o Camiño, como símbolo da solidariedade entre as xentes, tamén viviu momentos menos esplendorosos. Momentos duros que coinciden, precisamente, con épocas de conflitos e guerras. O século XX foi un camiño tumultuoso. Habería que agardar ás dúas últimas décadas do pasado século, especialmente a partir da gran posta en valor que supuxo o Xacobeo de 1993, para volver vivir un momento de auxe.

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

Un feito moi importante aconteceu no 1987, ano en que o Consello de Europa declara o **Camiño de Santiago como primeiro Itinerario Cultural Europeo**.

E a partir de aí comezaron os grandes recoñecementos:



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

En decembro de 1993, a UNESCO declara o Camiño Francés como Patrimonio Mundial.

En 2004, recoñecéronse os Camiños en Francia como Patrimonio Mundial.

E, en 2015, a UNESCO declara tamén o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo e o Camiño de Liébana. En 2004, o Camiño de Santiago recibiu o **Premio Príncipe de Asturias da Concordia**.


Todos os recoñecementos coinciden co cambio de paradigma na concepción dos itinerarios culturais. A idea, a semente. Un cambio potenciado, precisamente, pola declaración da UNESCO, porque desde entón, desde a década dos 90, os itinerarios culturais comezan a ser entendidos como parte da identidade do noso pobo, e tamén como un recurso socioeconómico de primeira orde.

Posteriormente, xa en 2008, a Carta de Itinerarios Culturais do ICOMOS estableceu o seu valor para promover actividades turísticas e de desenvolvemento estable das zonas polas que discorren. A concepción dual da relevancia cultural e económica do Camiño en Galicia é incuestionable.

Debemos ter argumentos tamén para rebater aos que insisten en identificalo só como un negocio ou só como unha ruta relixiosa. Pero ningunha das dúas definicións pode entenderse illada:

- Negar a tradición relixiosa da Ruta Xacobeana sería non entender de onde vén e cara a onde vai o Camiño. Esquecer o seu principal valor.
- E ignorar o fenómeno da peregrinación actual desde o punto de vista cultural, turístico e económico suporía rexeitar unha oportunidade fundamental para o noso desenvolvemento

Nos centros galegos o Camiño de Santiago explica Galicia, España e Europa no mundo.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


Cando na proxección do Camiño de Santiago e con el de Galicia nos referimos a valores tan importantes como os mencionados máis arriba, debemos ter claro que non estamos facendo un relatorio de tópicos aplicados a unha finalidade propagandística ou mesmo comunicativa, pois os valores xacobeos están incluídos na mesma base do proxecto europeo.

Falamos do pasado e do presente do Camiño. E debemos falar tamén do futuro como motivo e eixe vertebral que nos define como europeos e como unha terra con vocación universalista.

Do futuro do Camiño e do futuro de Europa, da proxección de Galicia en Europa e no mundo.

Hai unha gran pregunta que reside na base do proxecto europeo e que esgrimen constantemente os euroescépticos.

- **Que temos en común?**
- En que se parece un español a un suízo? Que ten que ver un arxentino cun inglés? Un alemán cun venezolano?
- Falamos linguas distintas, temos culturas e costumes distintos, os nosos sistemas políticos son diferentes. Que sentido ten un proxecto común? Que é o que nos une?
- E aínda poderíamos facer unha segunda pregunta.
- Cal é o noso papel no mundo? De aquí a 20 anos. A 30 anos... Que lle achega Europa a América e ao mundo enteiro? Cal será o noso valor?
- Europa non ten man de obra competitiva. Nin grandes reservas de recursos. Nin sequera un novo modelo tecnolóxico.
- Que será o que achegaremos para seguir liderando o concerto das nacións do mundo?
- Ambas as preguntas teñen unha mesma resposta. Unha resposta que



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

enlaza con moitos dos motivos que se ven representados no Camiño de Santiago.

Valores.


O noso sistema de valores é a orixe das ideas máis poderosas que lle deron forma á historia. A democracia, a declaración de dereitos do home, o o estado do benestar son aspectos fundamentais da actualidade.

A nosa civilización creou un sistema de progreso, solidariedade e paz que é imitado en todo o mundo. Europa aínda é un faro en todo o mundo. E o Camiño de Santiago é unha das orixes remotas destes valores, estes valores xacobeos que están no ADN da nosa cultura que exportamos a todo o mundo. Uns valores de fortes raíces cristiás. O Camiño foi, é e será, unha ponte. Unha ponte entre culturas. Unha vía que axudou a construír o código de valores que hoxe nos define.

O Camiño de Santiago simboliza os valores básicos e moi necesarios sobre os que se erixiu a cultura occidental e o espírito europeísta. Falamos da colaboración, de respecto, de tolerancia, da unión entre os pobos, de solidariedade, de acollida.

Tamén é certo que continuamente vemos como hai quen busca poñer en risco eses valores. E dinamitar o proxecto común. Un proxecto que, como lembramos ao celebrar os 40 anos da Constitución, nos permitiu vivir os mellores anos en liberdade, progreso, benestar e igualdade que nunca tivemos.

Nos tempos actuais volve estenderse, de maneira perigosa, o egoísmo e o populismo. Non se trata dun fenómeno acoutado a un territorio, senón mundial. Fronte a esta doenza, é necesario receitar os valores de Europa, os valores do Camiño, os nosos valores.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


Debemos recuperar os vínculos que nos unen, os proxectos que nos identifican e que fomentan a solidariedade. O Camiño leva mil anos unindo persoas de todo o mundo. Creando lazos entre elas. Non importa o seu lugar de orixe. Tampouco importan as simpatías políticas, nin a situación socioeconómica. Importa a persoa.

O Camiño une persoas e guías cara a unha meta física que é a cidade de Santiago de Compostela. E cara a outra inmaterial, esencial, como é a busca, a superación persoal. Como individuos, como sociedade, como cultura.

Os centros galegos puntos de información.

O persoal e o corpo social das nosas entidades deben conformarse como prescritores do Xacobeo. Temos o enorme privilexio de contar con “embaixadas” no mundo enteiro desde as que proxectar un evento de tan gran magnitude a moitísimos lugares e ámbitos distintos.

Debemos ter sempre como referencia para dúbidas e información a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo. <https://www.turismo.gal/espazo-institucional/xacobeo>. É un organismo público, baixo a tutela funcional da **Axencia Turismo de Galicia**, destinado á xestión dos servizos comúns da rede pública de albergues e do resto do seu patrimonio social; ás relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago; á planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución das actuacións para a promoción e a organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos Anos Santos Xacobeos e ao apoio aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das súas funcións neste ámbito.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Os centros galegos lugares para dar visibilidade


- Exposicións
- Documentais
- Charlas e conferencias
- Etc.

Galicia é o destino xeográfico dese magma incandescente de formas culturais que se van fraguando polos camiños que a ela conducen. Centos de miles de persoas que chegan á nosa terra coas súas raíces, linguas, lecturas, entusiasmo artístico, forza creativa, modos de vida, hábitos culinarios... Neste sentido, debemos concibir o Xacobeo 2021 como o molde propiciatorio dunha eclosión cultural que vai ter o seu lugar nos centros galegos do mundo enteiro, sen esquecer que o Camiño é unha vía tanto de chegada coma de regreso.

Galicia e a súa cultura antiga e rica ten que ser un compoñente fundamental desa eclosión, pero sen mitificacións arqueoloxizantes, senón partindo da concepción de que conserva vivo o seu secular xenio creador e de que dialoga coa mocidade, coas tecnoloxías e coa modernidade para enriquecela e formar parte dela.

DIÁSPORA: MUSEO DÁS MIGRACIÓNS GALEGAS

Un dos principais trazos distintivos da historia de Galicia é a emigración e a mobilidade, cando menos desde o século XVI-XVII. Ese trazo converteuse xa nun estereotipo que define os galegos. É evidente o pouso que o fenómeno migratorio tivo e aínda ten na estrutura e nas mudanzas sociais, económicas, políticas e culturais de Galicia. Un pouso que condiciona o seu futuro e a maneira de estarmos no mundo os galegos e galegas.




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Porén, a emigración non é unha consecuencia directa dun suposto atraso, senón que é un fenómeno complexo e de diferentes faces. En xeral, e agás períodos concretos e destinos específicos, pódese afirmar que non emigra quen quere, senón quen pode. Cómpre superar a visión negativa das migracións, tan espallada na intelectualidade e na esfera pública galega de finais do século XIX e boa parte do XX. Certamente, a ausencia de moitos homes deixou unha forte pegada demográfica. Unha parte significativa dos emigrantes e exiliados galegos pertencían a xeracións novas e instruídas, cuxa achega intelectual e laboral perdeu o país. Mais a emigración tamén tivo contrapartidas positivas, xa que achegou non só remesas económicas, senón tamén ideas innovadoras, que repercutiron na cultura, na política, na educación, na industria e no desenvolvemento xeral de Galicia. Boa parte das dinámicas de cambio social, político, cultural e económico da Galicia do século XX só se poden entender grazas á contribución dos seus ausentes e retornados.

Cómpre lembrar e ter presentes os galegos e galegas que viviron e moran no exterior á hora de explicarmos o desenvolvemento de Galicia e a súa madurez como país. Poñer en valor e difundir ese legado histórico e presente dos nosos emigrantes é unha das tarefas encomendadas ao Arquivo da Emigración Galega, sección do Consello da Cultura Galega. Xa no anterior pleno do XI Consello das Comunidades Galegas, celebrado na Habana en maio de 2016, o Consello da Cultura Galega presentou un Plan director do patrimonio documental das sociedades galegas no exterior. Nel, facíase fincapé na necesidade urxente de “preservar e poñer en valor o patrimonio cultural creado polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia ao longo da súa historia”, así como “a promoción e a difusión dese patrimonio cultural”. Nas conclusións aprobadas no relatorio de cultura especificase, entre outros




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

puntos, os seguintes:

- 1. As comunidades galegas do exterior contan cun importante patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico que souberon recoller e custodiar ao longo da súa existencia e comparten coa Comunidade Autónoma de Galicia o interese por preservalo de cara ao futuro, tal como manifestou explicitamente nas distintas normas legais aprobadas.*
- 2. As comunidades galegas coinciden coa Xunta de Galicia na importancia e na necesidade de elaborar conxuntamente un plan de actuación que protexa e permita coñecer, inventariar, conservar, poñer en valor, difundir e compartir o seu patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico.*
- 3. As comunidades galegas entenden que o obxectivo dese plan debe responder ás necesidades de conservación do fondo documental e artístico para garantir a súa permanencia na memoria das colectividades de emigrantes, un factor relevante no recoñecemento e identidade do conxunto da nosa cultura, construída tanto desde a Galicia territorial coma exterior. Consecuentemente, deben comprometerse a colaborar en todo canto estea na súa man para facilitar a información necesaria relativa ao patrimonio co que contemos nos termos que se acorden.*
- 4. A comisión acorda requirir da Xunta de Galicia que inicie os trámites para cumprir o establecido no artigo 27 da Lei 7/2013 da galegitude, no que se recolle a creación dun Centro de Referencia da Emigración Galega e da Galegitude.*

O Consello da Cultura Galega leva tempo elaborando un proxecto para a




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

creación dun Museo das Migracións Galegas que actúe como centro cultural e de referencia para todos os galegos e galegas. O coñecemento, salvagarda e difusión do fenómeno migratorio é imprescindible para coñecermos a historia recente do noso país, sabermos de onde vimos e como configuramos a nosa identidade. De aí a necesidade de crear un Museo das Migracións que acolla e conserve todo o legado existente, tanto nos países de destino coma na propia Galicia, e que sirva de espello para as novas xeracións configuraren unha actitude informada e libre de prexuízos cara a un fenómeno como as migracións, tan antigo como a humanidade.

O Estatuto de autonomía de Galicia acredita no seu título preliminar a importancia do fenómeno migratorio para a sociedade galega, e recoñece a potestade das comunidades galegas fóra de Galicia para solicitar a galeguidade, entendida como “o dereito a colaborar e a compartir a vida social e cultural do pobo galego”. Ese dereito foi regulado primeiramente pola Lei 4/1983, á que substituíu a Lei 7/2013, na que se determina que “a Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas”. Engadía ademais que, cando a normativa o permita, “aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión”. A seguir, prescribía: “A Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados” (artigo 27.g). Con ese fin, prevé a apertura dun “Centro de Referencia da Emigración Galega e da



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


Galeguidade [...], de acordo coas súas políticas, normativa e dispoñibilidade orzamentaria", entendido como un centro "documental e museístico sobre a emigración, a súa memoria e a galeguidade, a partir dos fondos do Consello da Cultura Galega e dos que as propias comunidades galegas ou particulares poñan á súa disposición" (artigo 27.g.4).

Unha precondition favorable para a futura institución é que non xorde da nada. A traxectoria e os logros do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega constitúen un alicerce do futuro Museo das Migracións. É este un trazo que, a diferenza doutros centros museísticos sobre migracións, dota o proxecto de Galicia dunha marcada consistencia e fortaleza desde un comezo. Trátase, xa que logo, de integrar e transformar o Arquivo da Emigración Galega nun proxecto de máis amplas e complexas dimensións que atinxa todos os aspectos e funcións que require o tratamento global do fenómeno migratorio.

O MUSEO DAS MIGRACIÓNS

DEFINICIÓ

A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia establece no seu artigo 4, no referido ao patrimonio cultural de Galicia no exterior, que "a Xunta de Galicia promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galicia que se atope no exterior, especialmente en América Latina e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas". Igualmente, respecto dos museos galegos, declara no seu artigo 111 que "os museos son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventariado, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


constitúen testemuñas das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, gozo e promoción científica e cultural. Quedarán sometidos ao réxime de protección que esta lei establece para os bens declarados de interese cultural os inmobles dedicados a museos de titularidade autonómica”.

Unha das características fundamentais dos museos neste século XXI é a súa vocación de servizo público, o seu firme compromiso co seu contorno social e unha actitude dinámica e aberta ante as demandas colectivas. O museo ha de ser recoñecido como un lugar de aprendizaxe permanente e transmisión cultural.

MISIÓN

A principal mensaxe que debe transmitir o futuro Museo das Migracións é o recoñecemento, a valoración e a difusión das migracións como parte esencial da historia e da identidade de Galicia. Esta misión confírelle á institución unha singularidade e especificidade únicas no panorama museístico galego. No que atinxe ao ámbito estatal, e mesmo internacional, a súa singularidade reside nas peculiaridades do fenómeno migratorio galego:

- Constituírse como centro interdisciplinar de transmisión do coñecemento da historia das migracións galegas.
- Identificar e preservar o patrimonio da emigración, composto por manifestacións materiais e inmateriais, salientando o seu carácter simbólico.
- Pór en valor as transformacións socioculturais que o fenómeno migratorio induciu na historia contemporánea de Galicia, así como a súa bagaxe.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


- Ser unha institución aberta e dinámica, que lle ofrezca á sociedade claves para coñecer e interpretar a historia das migracións de maneira lúdica, educativa e participativa.

Ademais, cómpre ter en conta as especificidades da emigración galega:

- As súas dimensións: é un dos territorios europeos con maiores taxas migratorias desde mediados do século XIX.
- A extensión temporal da mobilidade: podémonos remontar ás orixes do Medievo, para logo proseguir na época moderna e embocar na contemporaneidade como etapa cimeira das migracións, que aínda se mantén aberta nos nosos días.
- A diversidade dos países receptores: malia seren maioritariamente americanos na primeira etapa da emigración masiva, desde a segunda metade do século XX tomaron o relevo os da contorna europea, sen esquecer as migracións intrapeninsulares.
- A fortaleza e a densidade do asociacionismo emigrante e os estreitos elos coa sociedade de partida, que favoreceron dinámicas de intercambio transnacional.
- A vitalidade duns trazos identitarios que se traduce na percepción, por parte das sociedades de acollida, dunha comunidade inmigrante característica.
- A permeabilidade do país de orixe cara á inmigración, desde Portugal a outras áreas, e cara ás achegas da migración de retorno.

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

Todas estas características facilitan que o futuro museo poida adquirir un lugar sobranceiro no panorama dos centros sobre migracións no eido internacional e que contribúa a encher o baleiro que existe no panorama museístico da Galicia actual.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA


FUNCIONES

Funcións xerais:

- Educativa: mostra e xera contextos de aprendizaxe e reflexión, convida ao coñecemento e propón como achegarse a esa información, sen esquecer a perspectiva lúdica.
- Investigación: favorece o estudo, análise, interpretación e comprensión dos contidos amosados.
- Divulgación: favorece a formación, explicación e acceso ao coñecemento de fenómenos pasados e presentes e permite vivir experiencias sensoriais e formativas ao redor dos temas tratados.
- Conservación e preservación do legado documental, arquivístico e do patrimonio material e inmaterial que configuran os seus fondos.
- Comunicativa: establece un marco de relación social e cultural aberto que favorece o diálogo e o intercambio entre o museo e o público.

Entre as funcións específicas do Museo das Migracións Galegas, subliñamos:

- Poñer en valor a emigración como proceso xerador de manifestacións culturais e fornecedor de identidades colectivas.
- Desempeñar unha función social de integración, alicerzando a nosa identidade cosmopolita, transcultural e transnacional.
- Contribuír á cohesión social. A experiencia da emigración, das vidas concretas dos migrantes, ha servir para pórnos no lugar do “outro” e xerar correntes de empatía.
- Propiciar o respecto, a tolerancia e o entendemento cara aos colectivos migrantes, no marco dun mundo globalizado e plural.
- Crear un espazo de encontro e participación interxeracional, intercultural e intersectorial, favorecedor do entendemento nunha sociedade



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

multicultural; o coñecemento, a visibilización e a difusión do fenómeno migratorio en Galicia nas súas múltiples variantes e as pegadas que deixou nas áreas de emisión e recepción no seu dilatado percorrido.


- Favorecer o diálogo cultural e a transmisión entre xeracións, asumindo a función de “ponte entre o pasado, o presente e o futuro”, función que sinalou o ICOM como principal tarefa para os museos migratorios.
- Dotar de pluralidade a oferta de turismo cultural de Galicia. Convén lembrar que a análise das migracións galegas permite atopar elos e conexións co propio referente xacobeo na xénese e desenvolvemento do asociacionismo étnico ata os nosos días.
- Colocar o museo de xeito visible sobre o mapa cultural galego.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Recuperar e divulgar o que foi e segue a ser a emigración galega, a súa cultura, o seu significado, os seus elementos identitarios e a súa historia.
- Poñer a historia da diáspora e da emigración galega á disposición dos usuarios do museo e de toda a cidadanía, conxugando documentación, patrimonio e experiencias interactivas.
- Desenvolver proxectos de estudo, investigación e exposición baixo unha vertente interdisciplinar.
- Construír a memoria colectiva co estudo dun fenómeno definitorio da identidade galega contemporánea.
- Sensibilizar e educar a través dun discurso expositivo rigoroso e atractivo que tamén favoreza entre os visitantes a empatía co exposto.

CARÁCTER

Debe crearse un centro multifuncional e multisectorial que abranca un museo propiamente dito, como espazo expositivo e interpretativo; un centro de



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

documentación; un núcleo de investigación científica sobre migracións e un centro virtual.

Como museo, ha de abordar todas as áreas e programas que competen a este tipo de institucións:

- De coleccións: atinxe ao incremento, inventario, conservación, catalogación, documentación e investigación de fondos propios ou compartidos.
- De espazos: programa arquitectónico e museográfico.
- De exposicións, permanentes e temporais a nivel interno, pero tamén itinerantes na súa proxección externa e en dobre formato físico e virtual.
- De difusión e comunicación.

Como **centro de documentación**


- Ha recoller todo tipo de material para consulta, tanto documentación científico-divulgativa como a achegada polos protagonistas da migración. A contribución de testemuñas das migracións é un aspecto esencial na dinámica do futuro museo que contribúe a tecer redes sociais. Integrar nela asociacións, comunidades, círculos e redes de migrantes, tanto formais coma informais, é imprescindible para o desenvolvemento do futuro centro.

Como **Núcleo de Investigación Científica sobre Migracións**

- Interactuará coas institucións académicas e científicas relacionadas con todas as disciplinas implicadas no feito migratorio, tanto no eido galego coma internacional.
- Favorecerá a creación de liñas propias de investigación con proxectos desenvolvidos por persoal do centro, dándolle prioridade ao estudo dos fondos que custodia.

Como **Centro Virtual**

- Complementará o museo físico para se converter no medio máis



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

dinámico para a incorporación de pezas, a divulgación dos estudos e actividades e a comunicación e relación entre o centro e a sociedade. Como plataforma de información, divulgación, debate e intercambio, o sitio virtual concíbese como un espazo de prefiguración do centro.

PROXECTO ARQUITECTÓNICO


O museo comunica a través do seu edificio. En pleno século XXI, a arquitectura dos museos segue mostrando exemplos icónicos que outorgan prestixio e, en moitos casos, atracción pública internacional. A excelencia dun espazo identificativo que lles dea énfase aos seus contidos é un obxectivo de todo novo proxecto museístico, sexa un edificio de nova planta ou un edificio rehabilitado.

A apertura do museo implica un investimento económico que abrangue catro sectores: a arquitectura, o equipamento, as coleccións e o funcionamento.

COLECCIÓN

As coleccións do futuro museo das migracións serán de carácter heteroxéneo. O trazo fundamental do patrimonio migratorio é a importancia que no conxunto posúe o legado inmaterial —voces, sons, palabras, iconografía— cara á comunicación expositiva. Segundo a tipoloxía, podemos establecer a seguinte relación de coleccións:

- Documental/textual, tanto manuscrita e inédita como publicada e impresa. Salienta entre esta última a ampla colección hemerográfica da que xa se dispón no Arquivo da Emigración Galega, que pode ser enriquecida cos fondos da Biblioteca-Arquivo-Hemeroteca de Galicia, mediante unha ligazón electrónica e a través de convenios con outras entidades públicas e privadas.




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

- Bibliografía e publicacións periódicas de carácter científico e especializado.
- Recreacións e escenografías realistas relativas aos procesos migratorios nos seus diversos enclaves, coa ambientación e as atmosferas en cada caso requiridas.
- Fotográfica: constitúe un dos piares dos fondos patrimoniais.
- Sonora: testemuños orais, gravacións de actos, programas de radio e televisión, cerimoniais e festas etc.
- Audiovisual: tanto documental coma artística.
- Obxectual: pezas etnográficas, obxectos cotiáns (enxoval, vestimenta, equipaxe...), pezas artísticas (carteis, gravados, óleos, elementos das artes decorativas...).

Parte destas coleccións conformaranse a partir da recompilación de doazóns de obxectos persoais ou de pertenza colectiva, aspecto no que a rede de colaboradores asociados desenvolverá unha función esencial. A adquisición deste fondo patrimonial require a programación dunha serie de tarefas: traballos de campo, campañas de difusión, chamamento á participación social a través de actos pensados ex professo, programación de exposicións itinerantes etc. Nesta tarefa, as comunidades galegas no exterior xogarán un papel fundamental como posibles fornecedoras de pezas do seu fondo patrimonial —mediante convenios específicos— e como mediadoras na consecución doutras en mans de particulares, nos seus respectivos ámbitos de radicación e influencia, segundo se desprende das atribucións que lles confire a Lei da galegitude.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO CULTURA

Convidados á redacción do Relatorio:

Consello da Cultura Galega, Xosé Manuel Núñez Seixas

Secretaría Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez

Hijos de Galicia de Sestao, María Pilar Rodríguez

Unidad Gallega de los Estados Unidos de América Inc., María José Sieira

Unión de Asociacións Galegas de Catalunya, Eduardo Méndez Gómez

Xuventude de Galiza Centro Galego de Lisboa, Álvaro Moreira Muiños